

Para que serve esta sucesión?

Esta sucesión ten moitísimas aplicacións e aparece en configuracións biolóxicas: as pólas das árbores, a disposición das follas nos talos, nas flores das alcachofas e tornasois, no crecemento dunha poboación de coellos ou na forma na que o ADN codifica o crecemento de formas orgánicas.

Quen foi?

Un matemático italiano do século XIII.



FIBONACCI

e a súa sucesión

por Andrea Rivera

Como funciona?

Para crear a sucesión de Fibonacci o único que precisamos é coñecer os dous primeiros termos (que son 1 e 1), e sumalos para obter o terceiro.

$$1 + 1 = 2$$

Os seguintes serán o resultado de sumar os dous termos inmediatamente anteriores, e así podemos seguir ata o infinito.

$$1 + 2 = 3$$

$$2 + 3 = 5$$

Seguimos?

Aquí tes os primeiros termos da sucesión. Saberías continuala?

1, 1, 2, 3, 5, 8, 13, 21, ...